



ACTA N.º 4/2015
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 26 DE MARZO DE
2015

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

- I.1. ACTA ANTERIOR
- I.2. MOCIÓN SOBRE A REMISIÓN AO CONSELLO DE CONTAS DOS INFORMES DE REPAROS DA INTERVENCIÓN (ANOS 2012, 2013 e 2014)
- I.3. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 8/2015 MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO POR IMPORTE DE 7.000,00€
- I.4. APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES (ANO 2015) E DAS BASES ESPECÍFICAS DAS CONVOCATORIAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ACTIVIDADES CULTURAIS, VECÍNAIS E FESTEIRAS DO MUNICIPIO

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBIERNO

- II.1. RESOLUCIONES DA ALCALDÍA
- II.2. ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:
 - D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PP:
 - D. Alberto García Pazos
 - D.ª Liliana Silva Pequeño
 - D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto
 - D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez
 - D.ª M.ª José Pino Fernández
 - D. Antonio Souto Martínez
 - D. José Antonio Vidal Meneses

- PSOE:
 - D. Juan Antonio González Pérez
 - D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
 - D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
 - D. Rubén Rial Sánchez
 - D. Manuel Doldán Costas
 - D.ª Ana Pérez Pérez

- MIXTO:
 - D. Xavier Rodríguez Fernández
 - D. Antonio Fernández Comesaña
- Non Adscrito:
 - D. Ignacio Vilas González

Interventor: D. Modesto Solla Sanz

Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 26 de marzo de 2015
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:02
- *Hora de remate:* 21:21
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

- a) Alteracións no quórum de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trattaron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 26 de febreiro de 2015.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións respecto da mesma.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 26 de febreiro de 2015 queda aprobada cos votos a favor de 16 dos 17 membros que integran a Corporación, absténdose o Concelleiro do grupo Mixto Sr. Fernández Comesaña.

I.2.- MOCIÓN SOBRE A REMISIÓN AO CONSELLO DE CONTAS DOS INFORMES DE REPAROS DA INTERVENCIÓN (ANOS 2012, 2013 e 2014)

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de marzo de 2015, informou desfavorablemente a moción presentada por D. Antonio Fernández Comesaña (UCN - Grupo Mixto) relativa á remisión ao Consello de Contas de Galicia dos informes de reparos formulados polo Interventor Xeral do Concello de Nigrán durante os anos 2012, 2013 e 2014, sen preuixido de que se dea conta trimestralmente ao Pleno do Concello da relación de reparos formulados polo Interventor Xeral que deron lugar a un gasto no orzamento xeral do exercicio.



O texto da Moción é o seguinte:

Exposición de Motivos:

PRIMERO.- En el pleno de pasado mes de marzo de 2014 se aprobó moción presentada por nuestro grupo para la puesta a disposición de la Corporación de todos los informes de reparos emitidos por la Intervención municipal, al amparo de lo dispuesto en el artº 218.1 del R.D 2/2004, del 5 de marzo, Reguladora de las Haciendas Locales, así como dar cuenta al Pleno al menos por trimestres naturales, de todos los informes de reparos emitidos por el órgano de control y fiscalización interna, atribuidos por Ley a la Intervención municipal, teniendo en cuenta además, que el citado artículo establece que "... el órgano Interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente contrarias a los reparos efectuados, así como resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos...", y que hasta la fecha no se ha dado cumplimiento por parte del gobierno municipal.

SEGUNDO.- Recientemente se ha tenido conocimiento que por parte del Consello de Contas se llevará a cabo una fiscalización puntual de expedientes que fueron objeto de reparos formulados por la Intervención municipal en acuerdos de gasto y que pudieran dar lugar a responsabilidad contable, en diversos Ayuntamientos de la comunidad autónoma.

TERCERO.- Teniendo en cuenta el elevado volumen de reparos de legalidad (cerca de 200 anualmente, superando incluso al Ayuntamiento de Pontevedra), entre otros, por la excesiva contratación mediante la modalidad de "procedimiento negociado sin publicidad", que vienen siendo formulados por la Intervención municipal, como órgano de control y fiscalización interna, en aplicación a lo dispuesto en el artº 214 de la citada Ley, y que de forma reiterada vienen siendo sistemáticamente levantados por Decreto del Alcalde, así como también por el Pleno de la Corporación, en aquellos supuestos de su competencia.

Por todo lo anteriormente expuesto, se propone al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente, **ACUERDO:**

ÚNICO.- Remitir al Consello de Contas de Galicia, copia de todos los informes de reparos de legalidad ante acuerdos de gasto, formulados por el Órgano de Control y Fiscalización interna, atribuidos por Ley a la Intervención Municipal, durante los últimos ejercicios económicos correspondientes a los años 2012, 2013 y 2014.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto: Dálle lectura á moción e recorda que foi ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa. Calcula que podemos estar preto dos 500 reparos anuais e sinala que en 2014 reparouse case a metade do orzamento de gasto. Por iso se pretende someter o asunto a análise do Consello de Contas, dado que só se lle está informando do número de reparos, e non do seu contido, que sería o desexable.

D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: O informe do Interventor dá conta do cumprimento das formalidades. O volume dos reparos é moi considerable e ao Consello mándaselle o que prevé a normativa e o que este pide adicionalmente. Outra cuestión é traer o asunto ao Pleno con carácter trimestral. Entende que a situación do Concello é solvente, e que os contratos se tramitan correctamente. O que se pide é un traballo innecesario. Vaise actuar no sentido indicado de dar conta trimestral ao Pleno.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo Mixto: A cuestión é que a análise que se poida facer sexa eficaz. O importante é como se pode mellorar o control do Goberno. Parécelle mais efectiva a opción de dar conta trimestralmente ao Pleno. Con todo é preocupante o número de reparos.

Sr. Fernández Comesaña: Ata agora non se cumpliu o que xa acordara o Pleno de traer aquí os reparos. O que se pretende é que se aclaren as circunstancias deses reparos, que son levantados polo Alcalde. Recorda que a Fiscalía de Vigo decidiu trasladar á do Tribunal de Contas determinadas actuacións relativas a RPT é ao contrato con Gas Natural Fenosa. Pensa que hai que ser prácticos é tampouco será necesario remitir a documentación completa, e bastaría unha síntese.

Sr. García Pazos: O asunto da Fiscalía que comenta o Sr. Fernández Comesaña e que posiblemente denunciou el, segue o seu curso normal. No que se refire á cuestión de dar conta ao Pleno trimestralmente xa está na lei. O que se decidiu na Comisión é que os expedientes significativos reparados veñan ao Pleno. Ademais, hai que ter en conta que os reparos iniciais nun expediente poden decaer se se corrixe as deficiencias.

Sr. Fernández Comesaña: El someteu á consideración da Fiscalía de Vigo determinados pagos, pero non en calidade de denuncia. O de traer as mociones ao Pleno xa fóra obxecto dunha decisión plenaria, que non se cumpliu.

Sr. Alcalde Presidente: É certo que hai moitos reparos, como xa houbo na lexislatura anterior, e o Consello de Contas ten a información que corresponde. Os procedementos negociados da lexislatura rondan a vintena e os contratos menores están suxeitos a un réxime de control tanto mais exhaustivo canto maior é o seu importe. Aos reparos suspensivos fáiselles caso. Así pasou co tema das subvencións e con outros asuntos nos que se segue o mesmo criterio.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:


- Votos a favor: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.
- Votos en contra: 8; PP.
- Abstencións: 8: PSOE, Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto e Sr. Vilas González, Concelleiro non adscrito.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a Moción.

I.3.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 8/2015 MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO POR IMPORTE DE 7.000,00 €

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de marzo de 2015, informa favorablemente o expediente da modificación de crédito num. 08/2015 mediante crédito extraordinario por importe de 7.000,00 €, ca seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015.



Tendo en conta a necesidade de contar con crédito orzamentario adecuado, dispoñible e en contía suficiente no ano 2015 destinado á compra dun vehículo de segunda man para ser utilizado (preferentemente) polos subalternos-notificadores, por importe máximo de 7.000,00 euros.

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral deste Concello para o ano 2015 carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente destinado á finalidade antes indicada.

Visto o establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, así como na base de execución 6º do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015.

Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Tramitar e aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 8/15 mediante créditos extraordinarios por importe de 7.000,00 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015; o importe citado destinarase á finalidade seguinte:

| Aplicación orzamentaria | Destino | Euros |
|-------------------------|--|----------|
| 1592062400 | Adquisición de vehículo administración xeral | 7.000,00 |

A modificación de crédito 8/15 finánciase mediante unha baixa de crédito non comprometido, por importe total de 7.000,00 euros na seguinte aplicación orzamentaria do estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2015:

| Aplicación orzamentaria | Destino | Euros |
|-------------------------|-------------------------------------|-----------|
| 151622270002 | Tratamento de RSU en Sogama, S.A. I | -7.000,00 |

Segundo.- Someter a información pública durante quince días o expediente administrativo de modificación de crédito 8/15, a efectos de presentación de posibles reclamacións, mediante anuncios a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Nigrán.

Se no período de información pública non foran presentadas reclamacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisoria do expediente administrativo de modificación de crédito 8/15; en caso contrario o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

Terceiro.- Cumprindo o establecido no artigo 42 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC) establecese en cincuenta días o prazo máximo para tramitar e aprobar (no seu caso) o expediente administrativo de modificación de crédito 8/15, conlevando a caducidade do

expediente a súa non aprobación definitiva dentro do prazo antes citado.

Cuarto.- Designar como funcionario responsable e encargado da tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito 8/15 ao Interventor Xeral no Concello de Nigrán quen, así mesmo, informará o citado expediente.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: O vehículo que pretende adquirirse viría a substituír ao actual, que está en malas condicións. Finánciase con aforro da consignación para SOGAMA.

D. Juan Antonio González; do grupo Socialista: Nada que obxectar, aínda que se podia mirar un vehículo novo.

Sr. Alcalde-Presidente: Estase pensando nun vehículo en moi bo estado, e con poucos quilómetros.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa mayoría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.4.- APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNNS (ANO 2015) E DAS BASES ESPECÍFICAS DAS CONVOCATORIAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS E ACTIVIDADES CULTURAIS, VECIÑAIS E FESTEIRAS DO MUNICIPIO

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 19/03/2015, acordou dictaminar favorablemente a correspondente proposta da Alcaldía-Presidencia:

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Dna. Liliana Silva Pequeño; concelleira Delegada: A proposta inclúe o plan estratéxico. Fai referencia ás contías previstas, e á satisfacción de poder propoñelas neste momento, despois de deixar atrás o plan económico financeiro.

D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista: Considera que a expresión "interese cultural" nas subvencións deportivas debería corrixirse e substituírse pola de "interese deportivo". Ademais, no que se refiere aos criterios de concesión, entende que se o proxecto non ten un mínimo de calidade, debería poder excluírse.



D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: Podería pensarse nalgún criterio limitativo nese sentido. (Despois dun cambio de impresións chégase á conclusión de que a cualificación de "cero puntos" nese apartado debería determinar a exclusión da solicitude).

D. Xavier Rodríguez Rodríguez; do grupo Mixto: Defende que haxa un plan estratéxico, que no futuro debería ser plurianual. É moi importante o control posterior do cumprimento correcto da finalidade perseguida.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo Mixto: Parécelle acertada a proposta, aínda que as contías son pequenas. Na comisión de valoración, a representación dos grupos haberá que matizala no futuro. Os prazos deste ano van ser moi axustados.

Sra. Silva Pequeño: Este ano é un ensaio que pode dar lugar a modificacións en próximas ocasións. Á hora de cuantificar as subvencións tivose en conta o número dos posibles aspirantes. Espera que este ano dea tempo para xustificalas. Ademais teñen carácter retroactivo.

Sr. Alcalde-Presidente: Pensa que é unha iniciativa merecedora de apoio. O plan estratéxico non é moi común nos Concellos. No futuro terase en conta a experiencia.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PP, PSOE, grupo Mixto e Concelleiro non adscrito.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada o Pleno do Concello aproba o Plan estratéxico de subvencións (ano 2015) e as Bases específicas das convocatorias para a concesión de subvencións para actividades deportivas e actividades culturais, veciñais e festeiras do municipio, modificando o texto ditaminado pola Comisión Informativa no sentido de cambiar, no primeiro criterio da Base 5 das que regulan as subvencións para actividades deportivas, a expresión "interese cultural" pola de "interese deportivo"; e engadindo, nas dúas Bases Específicas, na parte referida ás "Características do proxecto", dentro dos "Criterios de outorgamento", a determinación de que non obterán subvención as actividades cualificadas con cero puntos neste apartado. En consecuencia, o acordo adoptado queda redactado nos seguintes termos:

"Exptes 2014000551SV, 2014000552SV, 2015000419SV

1. O Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das entidades locais (ROF), establece no seu art. 232 que os concellos, na medida en que o permitan os recursos orzamentados, poderán subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais, como ás actividades que realicen.

Do previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), de

carácter básico, infírese que tódolos concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar previamente o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

Pola súa banda, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), establece tamén no seu art. 5.1 que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. A lexislación en materia de subvencións supón un paso mais no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe as ditas normas é o da transparencia, que xunto coa variedade de instrumentos que se artellan, redunda de xeito directo nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto públicos subvencional.

Neste sentido, unha maior información sobre as subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.

3. Sentado todo o anterior, a través do Plan Estratéxico de Subvencións, este Concello pretende acadar os seguintes obxectivos:

Cumprir o mandato legal recollido na LXS, que no seu art 8.1 obriga aos concellos que pretendan outorgar subvencións a aprobar o seu correspondente plan estratéxico.

Incidir de xeito directo nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia ba xestión do gasto público subvencional.

Optimizar o acceso dos cidadáns ao feito subvencional con garantías de transparencia, uniformidade de criterio municipal e de libre concorrencia.

Finalmente, racionalizar a xestión municipal subvencional dotándoa de transversalidade na súa planificación, sistematicidade nos seus procedementos y de ferramentas técnicas avanzadas a súa avaliación.

Xa que logo, coa visión posta nos anteriores obxectivos, e coa perspectiva de mellorar a eficacia na asignación dos recursos públicos, e no exercicio das facultades municipais de fomento, procede a elaborarse un plan estratéxico de subvencións para o Concello de Nigrán, neste caso de carácter anual e con vixencia limitada ao ano 2015.

4. Por outra banda, co fin de proceder á inmediata posta en marcha da política de fomento reflectida no plan estratéxico, procedeuse a elaborar bases específicas que regulan as convocatorias para a concesión de subvencións a asociacións deportivas e a asociacións culturais, veciñais e comisións de festas do municipio.

Visto tanto antecede, de conformidade co previsto nos arts. 8.1 e 9.2 de la LXS, 5.1 e 6.1 de



la LSG, e de acordo co previsto na Ordenanza Xeral de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán e no art. 23.2.a) da LXS, adóptase o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Nigrán para o ano 2015, co texto que se insire a continuación:

"PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONES DEL CONCELLO DE NIGRÁN
- AÑO 2015 -

I. PRINCIPIOS GENERALES

1. El establecimiento de subvenciones por el Concello de Nigrán durante el año 2015 se ajustará a lo previsto en el presente Plan Estratégico de Subvenciones.
2. El establecimiento efectivo de las subvenciones previstas en este plan requerirá la inclusión de las consignaciones correspondientes en los presupuestos municipales del año 2015 y la aprobación de la correspondiente convocatoria.
3. El establecimiento de subvenciones queda supeditado al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria, por lo que consignaciones presupuestarias que se aprueben y las convocatorias para su concesión se acomodarán en cada momento a dichos objetivos.
4. El presente Plan tiene carácter programático y su contenido no crea derechos ni obligaciones; su efectividad quedará condicionada a la puesta en práctica de las diferentes líneas de subvención, atendiendo entre otros condicionantes a las disponibilidades.
Los potenciales beneficiarios de subvenciones no podrán exigir indemnización o compensación alguna en caso de que el Plan no se lleve a la práctica en sus propios términos.

II. CONTENIDO DEL PLAN

Se incluyen como anexo del presente Plan las líneas de subvención que se consideran precisas para alcanzar los objetivos pretendidos para el año 2015. Cada una de estas líneas contiene los siguientes datos:

- los objetivos que se pretenden alcanzar
- la modalidad de concesión aplicable
- los destinatarios a los que van dirigidas
- el importe económico
- la aplicación presupuestaria

III. BENEFICIARIOS Y MATERIAS DE LAS SUBVENCIONES

1. El Concello concederá subvenciones a favor de entidades públicas o privadas registradas en el registro de asociaciones del Concello de Nigrán con la finalidad de fomentar la realización de actividades de utilidad pública o interés social, o para

promover la consecución de fines públicos atribuidos a la competencia local.

2. El Concello de Nigrán establecerá en el año 2015 subvenciones en las siguientes áreas competenciales: actividad deportiva, actividad cultural, asociacionismo vecinal y actividades festivas tradicionales (comisiones de fiestas populares).

IV. EVALUACIÓN DE LA EFICACIA DE LOS PROGRAMAS SUBVENCIONADOS. ANÁLISIS DE RESULTADOS.

1. Para un mejor análisis de la eficacia de cada línea de subvenciones, los servicios municipales encargados de su tramitación solicitarán de los beneficiarios una memoria motivada sobre las actividades desarrolladas, número de participantes, resultados y objetivos alcanzados, etc , en los términos de cada convocatoria.

2. A la vista de la información recabada, las Concejalías-Delegadas en cuyo ámbito competencial se inserte cada línea de subvención elaborarán una memoria anual en la que se valorará la adecuación de los resultados a los objetivos perseguidos a través de cada línea, y se propondrá el mantenimiento, modificación o supresión motivados de dicha línea. De dichas memorias se dará razón al Pleno.

ANEXO I

LÍNEA ESTRATÉGICA N° 1 – FOMENTO DEL DEPORTE

DESCRIPCIÓN OBJETO COLABORACION

Subvención de actividades deportivas.

DESTINATARIOS

Asociaciones u otras entidades asociativas sin ánimo de lucro registradas en el registro local de asociaciones

MODALIDAD DE CONCESIÓN

Concurrencia competitiva

PLAZO PARA SU CONSECUCIÓN

Año 2015

OBJETIVOS

Fomentar la práctica del deporte en el municipio a través del apoyo a asociaciones, entidades o clubs deportivos, dados los indudables beneficios de índole social, formativa y de salud que la práctica del deporte genera en la sociedad.

FINANCIACIÓN

Se propone un importe de 25.000 euros, con cargo a la partida 341 48000 del Presupuesto General del Concello de Nigrán para el año 2015.

LÍNEA ESTRATÉGICA N° 2 – FOMENTO DE LA CULTURA Y LA PARTICIPACIÓN



VECINAL

DESCRIPCIÓN OBJETO COLABORACION

Subvención de actividades culturales, asociacionismo vecinal y actividades festivas.

DESTINATARIOS

Asociaciones u otras entidades asociativas sin ánimo de lucro registradas en el registro local de asociaciones

MODALIDAD DE CONCESIÓN

Concurrencia competitiva

PLAZO PARA SU CONSECUCIÓN

Año 2015

OBJETIVOS

El objetivo estratégico general es el de apoyar iniciativas, actuaciones y programas de promoción cultural y de fomento y consolidación del asociacionismo vecinal que complementen el conjunto de acciones realizadas por el Concello en esta materia. Igualmente, se pretende apoyar institucionalmente la conservación y consolidación de las fiestas tradicionales que se desarrollan a lo largo del año en las diferentes parroquias del municipio. En definitiva, se trata de promocionar el conjunto de actividades descritas dada su indudable trascendencia social, cultural, turística y vecinal.

FINANCIACIÓN

Para actividades culturales, se propone un importe de 25.000 euros con cargo a la partida 330 48000 del Presupuesto General del Concello de Nigrán para el año 2015. Para actividades vecinales, se propone un importe de 10.000 euros con cargo a la partida 924 48000 de dicho Presupuesto.”

SEGUNDO.- Ordenar a publicación do acordo contido no apartado precedente e do texto íntegro do plan estratéxico de subvencíons na páxina web do Concello, e notificar o seu contido ás dependencias municipais afectadas.

TERCEIRO.- Aprobar as “bases específicas da convocatoria para a concesión de subvencíons para actividades culturais, veciñais e festeiras do municipio” que se insiren a continuación:

“BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS, VECIÑAIS E FESTEIRAS DO MUNICIPIO.

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrenza competitiva, para a concesión de subvencíons para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin cultural, veciñal e festeiro no ano 2015, estarán suxeitas á Ordenanza xeral de subvencíons a entidades sen ánimo de lucro do concello de Nigrán (Bop de 04-01-05), á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencíons (en adiante LXS), e á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencíons de Galicia, Decreto

11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

1.—OBXECTO DA SUBVENCIÓN:

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais, veciñais e festeiras que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.

2.—ENTIDADES BENEFICIARIAS:

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de seis meses da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

3.—CONTÍA DA SUBVENCIÓN:

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 25.000 euros, con cargo á partida 330 48000 do Orzamento do ano 2015 para actividades culturais, e de 10.000 euros con cargo a partida 924 48000 do Orzamento do ano 2015 para actividades veciñais.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

O importe máximo a percibir por cada entidade non poderá superar os 960 euros, no caso das axudas para actividades culturais, nin os 833 euros, no caso das axudas para actividades veciñais. Coa concesión da axuda se lle ingresará o 40% do importe, sendo o resto ingresado logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa.

4.—GASTOS SUBVENCIONABLES:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no ano 2015, sen que poidan ser obxecto de subvención:

- Inversións ou equipamentos das Asociacións
- Gastos de funcionamento das mesmas, neste senso non se admitiran como xustificación facturas de material de oficina, consumo de teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar.
- O imposto sobre o valor acrecentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non



ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.

O proxecto a subvencionar será aquel que se sinale pola asociación no momento da solicitude e para o cal concedese a subvención, sen que logo poidase xustificar outro proxecto diferente, salvo causa debidamente xustificada que acredite a imposibilidade da súa realización, e que deberá acreditarse na memoria que se presente xunto coa súa xustificación.

5.—CRITERIOS DE OUTORGAMENTO:

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes:

- Características do proxecto: ámbito de aplicación, sector ou número de poboación beneficiaria e o interese cultural. Ata 30 puntos. **Non obterán subvención as actividades cualificadas con cero puntos neste apartado**
- Número de socios da asociación. Ata 30 puntos.

| | |
|-------------------|-----------|
| Ata 50 socios | 10 puntos |
| 51 a 100 socios | 20 puntos |
| 101 ou más socios | 30 puntos |

- Traxectoria artística/cultural e continuidade da mesma, tendo en conta a data de alta no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

| | |
|-----------------|-----------|
| máis de 8 años: | 20 puntos |
| de 5 a 7 anos: | 15 puntos |
| de 3 a 4 anos: | 10 puntos |
| ata 2 anos: | 5 puntos |

- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc. (a maior porcentaxe de cofinanciamento, maior puntuación) Ata 10 puntos.

| | |
|-----------|------------|
| 0% | 1 punto |
| 1 a 25 % | 2,5 puntos |
| 26 a 50 % | 5 puntos |
| 51 a 75 % | 7,5 puntos |
| 76 a 99 % | 10 puntos |

- Uso exclusivo de instalacións privadas para desenvolver actividades: 30 puntos
- Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita axuda. 10 puntos

6.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- a) As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse

a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

c) Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta nos modelos normalizados incluídos nos anexos I ó IV incorporados á Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro, publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22-07-05. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- Certificación Bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA.
- Declaración responsable do representante da entidade solicitante de estar ésta ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, Facenda da Xunta e Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Declaración do representante da entidade solicitante sobre o carácter subvencionable ou non dos gastos nos que se poda incorrer en concepto de IVE, en función do seu carácter recuperable ou compensable pola dita entidade.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

7.—ENMENDA DE DEFECTOS:

De existir algúun defecto na solicitude ou documentación adxuntos, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera considerarase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8.—PROCEDEMIENTO DE CONCESIÓN:

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Alcaldía e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída polo Alcalde-Presidente do Concello de Nigrán, a Concelleira de Cultura, un concelleiro doutros grupos políticos da Corporación por turno rotatorio, un funcionario técnico del área de Intervención, un funcionario da área de Secretaría Xeral e que tamén fará as veces de Secretario da Comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán se substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación



entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.

A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local, previa proposta da Comisión de Valoración.

O prazo máximo para resolver e notificar as solicitudes de subvención será de tres meses dende o remate do prazo establecido nestas bases para presentación de solicitudes, e o silencio administrativo será desestimatorio.

9.—OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:

- a) Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido segundo a lexislación vixente na materia.
- b) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- c) Comunicar de calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.
- d) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados a participación do concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- e) Reintegrar total ou parcialmente a subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- f) Realizar a actividade subvencionada de conformidade coa memoria do proxecto que servira de base para solicitar a subvención.

10.—XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN:

O pagamento das subvencións efectuarase de conformidade co previsto na Base 3, mediante transferencia bancaria. A tramitación da xustificación iniciarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, ou a actuación musicais correspondente, e tras a presentación a través do Rexistrio Xeral da seguinte documentación xustificativa, antes do 30 de novembro de 2015:

- a) Solicitud de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria detallada da actividade, que acredite as actividades realizadas, participantes, resultados, obxectivos acadados e calquera outro dato de interese.
- c) Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá a

seguiente documentación:

- Unha relación clasificada das facturas xustificativas dos gastos subvencionables na que conste: número de orde da relación, número de factura, data de emisión, expedidor, NIF/CIF, conceptos facturados, importe, IVA, data de pago, forma de pago.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pago.
 - Unha relación detallada dos ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a sua procedencia.
 - Calquera outra documentación de natureza económica que estimen relevante.
- d) Impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.
- e) Certificación (en vigor) de estar ao corrente nos pagos co Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta, e Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- f) Unha declaración asinada polo representante da entidade beneficiaria na que expresamente faga constar que todas as facturas orixinais que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados, que corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención.

En caso de dúbidas, o Concello poderá requerir á entidade beneficiaria calquera outra documentación ou xustificación complementaria.

As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da entidade beneficiaria, e cumplir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

O incumplimento da obliga de presentar toda a documentación xustificativa en tempo e forma conllevará o reintegro das contías aboadas incrementadas coa esixencia do xuro de demora.

11.—SEGUIMENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.

O Concello de Nigrán, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda.

12.—VIXENCIA.

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2015 quedando condicionadoas pola existencia de consignación orzamentaria.

DISPOSICIÓN FINAIS



1. O Concello de Nigrán quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.
2. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións"

CUARTO.- Aprobar as "bases específicas da convocatoria para a concesión de subvencións para actividades deportivas" que se insiren a continuación:

"BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNNS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades que persigan un fin deportivo no ano 2015, estarán suxeitas á Ordenanza xeral de subvencións a entidades sen ánimo de lucro do concello de Nigrán (Bop de 04-01-05), á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), e á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

1.—OBXECTO DA SUBVENCIÓN:

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades deportivas que complementen a programación dos servizos municipais e que se realicen con carácter público en Nigrán.

2.—ENTIDADES BENEFICIARIAS:

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións, ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro, que cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, figuren inscritas no Registro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de seis meses da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

3.—CONTÍA DA SUBVENCIÓN:

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 25.000 euros, con cargo á partida 341 48000 do Orzamento do ano 2015.

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

O importe máximo a percibir por cada entidade non poderá superar os 675 euros. Coa concesión da axuda se lle ingresarán o 40% do importe, sendo o resto ingresado logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa.

4.—GASTOS SUBVENCIONABLES:

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no ano 2015, sen que poidan ser obxecto de subvención:

- Inversións ou equipamentos das Asociacións
- Gastos de funcionamento das mesmas, neste senso non se admitiran como xustificación facturas de material de oficina, consumo de teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar.
- O imposto sobre o valor acrecentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.

O proxecto a subvencionar será aquel que se sinale pola asociación no momento da solicitude e para o cal concedese a subvención, sen que logo poidase xustificar outro proxecto diferente, salvo causa debidamente xustificada que acredite a imposibilidade da súa realización, e que deberá acreditarse na memoria que se presente xunto coa súa xustificación.

5.—CRITERIOS DE OUTORGAMENTO:

Os criterios que se analizarán para a concesión das subvencións serán os seguintes:

- Características do proxecto: ámbito de aplicación, sector ou número de poboación beneficiaria e o interese deportivo. Ata 30 puntos. **Non obterán subvención as actividades cualificadas con cero puntos neste apartado.**


- Número de socios da asociación. Ata 30 puntos.

| | |
|--------------------|-----------|
| Ata 50 socios | 10 puntos |
| 51 a 100 socios | 20 puntos |
| 101 ou máis socios | 30 puntos |

- Traxectoria deportiva e continuidade da mesma, tendo en conta a data de alta no Rregistro Municipal de Asociacións Veciñais.

| | |
|-----------------|-----------|
| máis de 8 anos: | 20 puntos |
| de 5 a 7 anos: | 15 puntos |
| de 3 a 4 anos: | 10 puntos |
| ata 2 anos: | 5 puntos |

- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc. (a maior porcentaxe de



cofinanciamento, maior puntuación) Ata 10 puntos.

| | |
|-----------|------------|
| 0% | 1 punto |
| 1 a 25 % | 2,5 puntos |
| 26 a 50 % | 5 puntos |
| 51 a 75 % | 7,5 puntos |
| 76 a 99 % | 10 puntos |

- Uso exclusivo de instalacións privadas para desenvolver actividades: 30 puntos
- Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita axuda. 10 puntos

6.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

a) As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

c) Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta nos modelos normalizados incluídos nos anexos I ó IV incorporados á Ordenanza Xeral de Subvencións a entidades sen ánimo de lucro, publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22-07-05. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do CIF da entidade solicitante.
- Certificación Bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA.
- Declaración responsable do representante da entidade solicitante de estar ésta ao corrente das obligas coa Seguridade Social, Facenda da Xunta e Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Declaración do representante da entidade solicitante sobre o carácter subvencionable ou non dos gastos nos que se poda incorrer en concepto de IVE, en función do seu carácter recuperable ou compensable pola dita entidade.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

7.—ENMENDA DE DEFECTOS:

De existir algúun defecto na solicitude ou documentación adxuntos, seral le notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera considerarase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto no

artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8.—PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN:

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspondeille á Alcaldía e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída polo Alcalde-Presidente do Concello de Nigrán, a Concelleira de Deportes, un concelleiro doutros grupos políticos da Corporación por turno rotatorio, un funcionario técnico del área de Intervención, un funcionario da área de Secretaría Xeral e que tamén fará as veces de Secretario da Comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.

A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local, previa proposta da Comisión de Valoración.

O prazo máximo para resolver e notificar as solicitudes de subvención será de tres meses dende o remate do prazo establecido nestas bases para presentación de solicitudes, e o silencio administrativo será desestimatorio.

9.—OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS:

- a) Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido segundo a lexislación vixente na materia.
- b) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
- c) Comunicar de calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.
- d) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados a participación do concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.
- e) Reintegrar total ou parcialmente a subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.



- f) Realizar a actividade subvencionada de conformidade coa memoria do proxecto que servira de base para solicitar a subvención.

10.—XUSTIFICACIÓN E PAGO DA SUBVENCIÓN:

O pagamento das subvencións efectuarase de conformidade co previsto na Base 3, mediante transferencia bancaria. A tramitación da xustificación iniciarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, ou a actuación musicais correspondente, e tras a presentación a través do Rexistrio Xeral da seguinte documentación xustificativa, antes do 30 de novembro de 2015:

- a) Solicitud de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria detallada da actividade, que acredite as actividades realizadas, participantes, resultados, obxectivos acadados e calquera outro dato de interese.
- c) Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá a seguinte documentación:
 - Unha relación clasificada das facturas xustificativas dos gastos subvencionables na que conste: número de orde da relación, número de factura, data de emisión, expedidor, NIF/CIF, conceptos facturados, importe, IVA, data de pago, forma de pago.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pago.
 - Unha relación detallada dos ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do importe e a sua procedencia.
 - Calquera outra documentación de natureza económica que estimen relevante.
- d) Impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.
- e) Certificación (en vigor) de estar ao corrente nos pagos co Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta, e Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- f) Unha declaración asinada polo representante da entidade beneficiaria na que expresamente faga constar que todas as facturas orixinais que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados, que corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención.

En caso de dúbidas, o Concello poderá requerir á entidade beneficiaria calquera outra documentación ou xustificación complementaria.

As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da entidade beneficiaria, e cumplir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

O incumprimento da obriga de presentar toda a documentación xustificativa en tempo

e forma conllevará o reintegro das contías aboadas incrementadas coa esixencia do xuro de demora.

11.—SEGUIMENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.

O Concello de Nigrán, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda.

12.—VIXENCIA.

As presentes bases estarán vixente durante todo o ano 2015, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.

DISPOSICIÓN FINAIS

1. O Concello de Nigrán quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.
2. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables en materia de subvencións.”

QUINTO.- Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidencia a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.

SEXTO.- Advertir que contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.”

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 2 de febreiro de 2015 e o 27 de febreiro de 2015, ambos incluídos.



II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D. Juan Antonio González Pérez; do grupo Socialista:*

1.1- Un rogo para que revisen a beirarrúa-bici, porque hai zonas nas que se ocupa o 100% da beirarrúa e a xente ten que baixar á estrada para camiñar. Hai tramos nos que existen árbores, macetas e bancos no medio da beirarrúa -bici, co perigo que pode supoñer. Se investiron nese carril 4.700 euros. Pedimos que, se é posible, se lle poida dar unha volta, para que este carril non se converta nun perigo de cara ao verán cando aumente o número de persoas e poidamos ter un problema de responsabilidade.

Sr. Alcalde Presidente: Simplemente aclarar dúas cousas: Creo que é unha medida acertada, porque o que se busca coa beirarrúa-bici é ordenar un espazo de convivencia no que era bastante incómodo transitar polos paseos, tanto de Panxón como o de Praia América. O único que se fixo é delimitar unha zona na que o uso prioritario é o das bicicletas, pero iso non significa que unha persoa non poida pisar nesa zona. Simplemente un usuario desa zona de beirarrúa-bici ten que entender que nela o uso prioritario ten a bicicleta. Hai certas cuestións que xa se corrixiron. O obxecto deste carril é poder ir cun neno dunha idade menor. Agora se consigue certa orde. Evidentemente cando haxa miles de persoas polo paseo será mais complicado como xa o era ata agora. Penso que é unha decisión acertada. O espazo que hai, temos que tratar de xestionalo. Non hai nin unha sola beirarrúa onde a xente teña que ir pola estrada. Simplemente hai unha zona delimitada na que o carril bici ocupa a maior parte, que é nas Dunas de Gaifar, e que se analizou pola Policía Local. Era a menos transitada polos peóns, que utilizan más as que están mais pegadas o mar. E outra é no Campo das Redes, na que ocupa todo o ancho a beirarrúa-bici, aínda que tamén se pode utilizar polos peóns. Decidiuse levalo por ali, porque os viandantes, fan uso do lado mais próxima á costa. Eu creo que se mellora en convivencia. É algo moi usual no resto de Europa.

1.2.- ¿Por que o carril, remata fronte as pistas deportivas, onde o paseo é mais ancho?

Sr. Alcalde-Presidente: Nas zonas mais amplas a convivencia é mais fácil. O Xefe da Policía indicou que era conveniente parar aí para ver como funciona e tomar unha decisión sobre se na época de verán se vai a continuar coa prohibición que existe desde hai anos, motivada pola sinal que colocou no seu día o BNG.

2.- *D. Xavier Rodríguez Fernández; do grupo Mixto:*

2.1.-Se me permitides sobre isto, o tema das bicicletas nos paseos é moi complicado, porque podemos entender o bonito que é ir por un paseo cunha bicicleta, pero hai moitos intereses contrapostos. Se se vai camiñando por un paseo cun neno de catro ou cinco anos hai un problema se as bicicletas van por ese paseo, porque en teoría os paseos son para que os nenos destas idades poidan tranquilamente ir andando e non haxa que levalos agarrados.

Pode vir unha bicicleta e levalos por diante. É un problema de moi difícil conciliación, e ás veces hai paseos onde hai que prohibir o uso das bicicletas.

Sr. Alcalde-Presidente: O importante moitas veces é tomar decisións sobre problemas de convivencia coma este. Penso que se pode ir cun neno de cinco anos, paseando ou cunha bicicleta, con tranquilidade. Esa é a filosofía. Poderá haber matices, pero creo que o importante é tomar decisións. Creo que, neste caso, a decisión é acertada.

2.2.- Acaban de inaugurar unha nova zona peonil fronte ao Concello, renomeada como Praza do Concello por decreto de Alcaldía, e que inclúe un parque infantil. Sen dúbida pode ser unha excelente zona de recreo para os veciños de Nigrán. Hai unha demanda dende fai tempo por parte do Colexio Humberto Juanes para que se dote dun parque infantil. A mi me consta que hai algunha conversa co centro para dar solución a este problema, e me gustaría saber en que punto desta cuestión estamos.

Dna. M^a Carmen Alonso Macías Jorreto; concelleira Delegada: Hai conversacións, e estase buscando unha solución de financiamento parcial co propio Colexio. Estamos a espera da contratación.

Sr. Alcalde-Presidente: Vaise a acondicionar tamén o acceso ao colexio que hai xunto ao transformador. As iniciaranse a semana que ven cando os nenos estean de vacacións.

2.3.- Un rogo sobre un dos camiños que se están ampliando na prolongación da rúa Navás. Quería chamar a atención sobre unha rúa denominada Silvardeira, que ten dúas placas, unha xunto a rúa Navás e outra xunto a Rúa Angel da Guarda, pero o que hai entre estas dúas placas é un monte. Pediría que se acondicione, non urbanizando con beirarrúas, simplemente acondicionándoa como camiño, porque é certo que facilita a comunicación na zona.

Sr. Alcalde- Presidente: Tomamos nota.

3.- *D. Antonio Fernández Comesaña; do grupo Mixto.*

3.1.- En relación cos contedores depositados no parque empresarial de Porto do Molle ¿Que se vai facer con eles?

Sr. Alcalde Presidente: Estase en fase de ofertas, acabado o prazo venderase. Aproximadamente entre 6000 e 8000 euros.

3.2.- O pasado mes de xaneiro, recibiuense no concello a sentencia 986/14 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se anula parcialmente o acordo plenario de 26/01/2011 relativo a derogación da ordenanza de vixilancia nocturna deste concello. ¿Por que non dou conta o Pleno? ¿é firme ou está recorrida polo Concello?

Sr. Alcalde-Presidente: Non está recorrida. De feito hai dúas vias que estamos



estudando. Ou un expediente de inexecución de sentenza, ou tratar de buscar unha solución inmediata, porque neste momento hai un proceso selectivo de prazas de policía. Estase a mirar se nestas prazas se lles pode dar cobertura. Posiblemente non se poida, porque son procedementos moi diferentes. De feito, curiosamente a sentenza obriga ao Concello a facer un procedemento restrinxido só para dúas persoas que nunca estiveron traballando neste Concello. Por outro lado, as que hai son prazas dun procedemento aberto, sen restrición de ningún tipo.

D. Alberto García Pazos; concelleiro Delegado: Hai un apartado dentro da propia sentenza, que indica que o Concello, no procedemento de execución, pode sinalar se existe algunha dificultade para a súa execución. Explicooume o Sr. Secretario a fundamentación que ten a sentenza e resulta que os vixiantes, nalgúns Concellos tiñan unha relación contractual propia coa administración, non tratándose de empresa privada, como foi o noso caso. Neste momento, hai un procedemento para a cobertura das prazas que xa está aberto na súa primeira fase, e uns presuntos dereitos dos que xa optaron a través da presentación de instancias. Terá que resolverse este tema e indicarnos se a opción é que no momento que o Concello xere novas prazas de policía serán prioritarias para un procedemento para estas persoas que gañaron este derecho a través desta sentenza. Os expedientes de execución de sentenzas son relativamente frecuentes. Ademais sabedes que hai sentenzas que co tempo son inexecutables; tardan moito tempo en executarse e o fundamento que no seu día valía, co tempo deixá de ser posible.

Sr. Alcalde-Presidente: Ao mesmo tempo tería que levantarse a restrición que teñen os concellos e administracións á hora de contratar a persoal a través da Lei Xeral de Orzamentos do Estado, que nestes momentos segue en vigor.

Sr. Fernández Comesaña: Efectivamente, a sentenza é bastante complexa, pero pregunto se hai algunha negociación cos afectados, ou non houbo ningún intento de negociación.

Sr. Alcalde- Presidente: Eles queren entrar a traballar onde sexa.

Sr. Fernández Comesaña: O que eu lle reprocho é que non lle dera conta á Corporación deste feito para que puidéramos ter coñecemento e non sabelo pola prensa.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

